

A NOSA BISBARRA



VERÁN 2012

Donativo 6€

Nº 22



V I A N A

CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDADE

AS LENDAS DO CASTIÑEIRO DA ENTRADA

Son moitas as lendas que lle dan vida a algúns dos castiñeiros que temos no contorno de Viana, posto que algúns exemplares chegan a un tamaño xigantesco e case sempre adoptan formas que parecen darlle unha personalidade propia.

A historia que vos conto, fala dun deses árbores máxicos, situado na aldea de Quintela do Pando. Non se sabe quén, nin por que lle puxeron o nome de "Castiñeiro da Entrada", posto que se sitúa no fondo da aldea entre dous camiños que a verdade non son principais, nin van directamente a ningures. O seu nome puxéronllo porque era a Entrada a este mundo que usaban todo tipo de seres máxicos, e aínda que hoxe en día algunhas destas tradicións están perdidas, a maxia segue envolvendo esta árbore.

Este castiñeiro pertence á familia de don Daniel e doña Agripina, e a súa singular beleza non deixa a ningún visitante da aldea indiferente. A súa dona, que naceu a principios do século XX sempre decía que aínda que pasáse mil veces por diante del sempre paraba para quedarse mirando hacia o seu interior. Ademais, as castañas que da, da variedade inxerto, son grandes sempre, veña ano bon ou malo, e o seu sabor é único. O seu tronco ten doce metros de circunferencia, e está aberta ó medio, a madeira que a compón fai formas que parecen imposibles, como se por dentro da súa pel aínda se movesen aqueles seres máxicos de outrora. Xusto no centro sae un cano, que ben podía ser outro castiñeiro dos máis grandes de calquer souto, este, aínda que rodeado de todas as formas que vos conto ten a pel lisa completamente e está recto como unha vela. A súa copa é redonda e da envexa vela. A súa sombra dá unha enerxía positiva, ademais de ser a máis fresquiña do lugar, todo nel son vantaxes. Cando ten a candeia é unha das épocas máis fermosas, e aparte do perfume que desprenden tamén se usan para facer medicamentos moi eficaces para diversas doenzas...

Segundo os comentarios dos nosos avós é milenaria, pois os seus antergos sempre a acordaron igual de grande e fermosa e sempre se serviran dela para curar os males da ialma. A continuación explicáremosvos como facían rituais para curar males, como é o do encanillado, ou para atopar obxectos perdidos, etc.

Para curar a un encanillado, había que cortar tres pólas nadas no ano do castiñeiro da Entrada, de noite. Cada póla dábaselle a unha muller que tiña que chamarse María, ou sexa, que tiñan que ser tres mulleres e cada unha coa súa póla. O ritualista, que o último que se acorda foi o Sr. Alvino, alias o Demo de Quintela, ou o Aviador, era o encargado de cortar as ramas, ás doce e un minuto da noite, e alí estaban as tres Marías que as recibían das súas mans xunto coas ordes do que tiñan que facer. Cada unha coa súa galla marchaban en direccións opostas e tiñáanse que atopar nun cruce de catro camiños, dúas horas antes do amencer para terminar o ritual e todo esto sen que ningunha pasase por donde houbera un manantial de auga, fose pozo ou fonte natural.

O sitio de encontro era a cruz do Santo, pois xuntábanse o camiño de Fradelo, o de Santamariña, o de Viana e o de Quintela.

Como tiveron que ir sorteando tódolos manantiais e aínda porriba non se podían ver entre elas, chegaron ó

sitio xusto polos pelos, tanto é así, que o demo xa levaba no sitio un bo anaco cando as tres chegaron. Cada unha poñíase nun camiño e o demo collía os guizos do castiñeiro e atábaos con tres nudos, ben fortes, que só el sabía facer e puña os paus atados na cruz dos camiños, ou sexa, donde se xuntaban, despois collía o encanillado e poñíase no camiño que quedaba libre que tiña que ser de donde procedía o meniño, neste caso de Quintela, e pasando porriba das gallas dáballo ó rapaz a unha María e dicíalle:

Aquí che dou ó encanillado e ela contestáballe pasándollo outra vez por enriba dos paus.

Devólvocho sano e curado.

Este proceso repetíase coas tres e ó rematar a nai do meniño collía os paus atados e o demo o encanillado e tiñan que ir a unha casa que entrases por unha porta e saíras pola outra pasando por enriba dunha lareira. O demo púñase nunha porta co encanillado e dáballo a unha María, facíalle unha cruz cos paus do castiñeiro, aínda atados ó meniño e dicíalle:

Entras por unha porta encanillado e saes por outra curado.

A muller cando pasaba porriba da lareira quitáballe unha prenda ó neno e botabaa ó lume sen decir unha palabra, saía pola outra porta e volvíalle a dar ó encanillado ó demo e así coas tres Marías. Cando pasou a última, devólvelle o meniño ó demo sen roupa, vólvelle a facer unha cruz cos paus e a continuación desataos. Neste momento termina o ritual, visten ó meniño e queiman os guizos do castiñeiro.

A tradición asegura que o encanillado quedaba curado antes do amencer, pero tamén contan que si o ritual non se remataba antes de que saíra o sol o enfermo non curaba e xa non se podía volver a repetir. Necesitábase tal precisión, que calquer cambio, por pequeno que fose, xa que non fosen tres Marías, ou que as pólas do castiñeiro non fosen do mesmo ano, o enfermo non paraba de chorar durante todo o ritual, eso si, sempre podían rectificar se non se pasaban do tempo que marca a tradición.

O outro don que se lle atribúe ó Castiñeiro da Entrada é o de recuperar bens perdidos.

Na nosa aldea, cando alguén perde algún obxecto valioso, vaíse a onde unha muller que sabe o responso de San Antón, para que llo arresponse. Si este se fai ben, o obxecto aparece pero se non di as palabras exactas, ou esquece algunha palabra do responso entón a muller xa

Nieves e Iván, seu fillo, siguen a contarnos cousas novas e descoñecidas, a máis fan pasar un bo tempo ¡Gracias!

*¡Que riqueza, que imaxinación, que costumes, que devoción!
Lembrándoos, non se deixan esquecer...*

Ile dice directamente que é moi complicado que poida aparecer. O responso di así:

*Si buscas milagros, mira.
Muerte y error desterrados
misericordia y demonio huidos
leprosos y enfermos sanos
el mar sosiega su ira
redímense encarcelados
miembros y bienes perdidos
(Aquí dise o obxecto perdido)
recobran mozos e ancianos.*

*El peligro se retira
los pobres van remediados.
Cuéntenlo los socorridos
díganlo los paduanos
el mar sosiega su ira
redímense encarcelados.*

*Miembros y bienes perdidos
recobran mozos y ancianos
gloria al padre, gloria al hijo
gloria al espíritu santo
a Dios trino por los siglos
infinito y alabado
el mar sosiega su ira
redímense encarcelados
miembros y bienes perdidos
recobran mozos y ancianos
ruega a Cristo por nosotros*

*Antonio divino y santo
para que dignos así
de tus promesas seamos. Amén.*

Hacer oh Señor, que por la gloriosa intercesión de vuestro confesor San Antonio seamos librados de las tristezas presentes y disfrutemos de la eterna alegría por Jesucristo nuestro señor, Amén.

Recordo unha vez que se perderan unhas chaves moi valiosas, pois eran as da vivenda, a bodega e currais,

fora o dono onde unha das mulleres que sabían o responso, pero ela aínda que tentaba recordalo non acababa de atopar as palabras exactas, e despois de tentalo varias veces, díxolle que non tiña máis que facer e que non creía que as atopase, e cando o home xa marchaba díxolle, claro que nos queda unha opción: o rito do castiñeiro da Entrada.

Este consistía en coller tres pólas novas e poñelas en cruz, atándoas ben, ben forte, e coa cruz resultante íase onde creías haber perdido o obxecto e decías:

Demo collóns de xato

se non aparece non chos desato

Canto máis tardaba en aparecer había que apretar outro pouquiño e volvíase a repetir, e así sucesivamente ata que ó final aparecía, entón desatabas as pólas e decías

Demo collóns de xato

apareceu, xa chos desato

E tíranse os paus a pa tras todo o lonxe que se poida, procurando non velos. Non se coñece ningún caso que se fixera este ritual que non funcionase. Eso si, que a ninguén se lle ocorrese deixar as pólas sen desatar despois de aparecer o obxecto, porque entón viña o demo de noite cunhas cadeas arrastro e non te deixaba durmir. Contan que o son que facían as cadeas decía:

o prometido é débeda

ou me desatas os collóns

ou tes a túa defunción...

Claro, a persoa que se esquecera ou o fixera a posta, perdía o cu a correr na busca das pólas para desatalas a toda presa, non fora que o demo cumprise a súa palabra.

Hai xente que di que esto todo era fruto da imaxinación dalgunhas persoas que se deitaban pensando que deixaran atado o que deberan desatar. Pero a creenza nestes asuntos aínda hoxe en día persiste, e moita xente segue a realizar o ritual, claro que sempre se cumpre o prometido. Non vaia a ser...



Estas son historias reais, con moita imaxinación pero que forman parte do noso patrimonio histórico e posto que non a temos por escrito e non queremos deixalas perder, nin morrer no esquecemento, por eso as escribimos, para contar todo o que os nosos avós nos contaron nas longas noites de inverno a carón do lume da lareira.

Ultimamente os castiñeiros están ameazados por dúas pragas moi perigosas e destrutivas, o chancro e a tinta. Sendo unha árbore tan emblemática e rica en recursos, non é comprensible que ninguén poña nin os medios nin busque solución a ditos males. Porque estanse a destinar fondos públicos para facer estudos noutros campos, tal vez, menos importantes que este. E máis se temos en conta que seguramente o cambio climático causado polo embalse sexa o máximo responsable tanto destes males como da desaparición doutras especies como son os negrillos. E por suposto que non se pode afirmar tal cousa con total seguridade, pero co mesmo motivo tampouco se pode negar posto que non hai ningún estudio ó que nos poidamos remitir...

Deberíamos mollarnos todos, os donos das árbores no seu coidado e a administración en buscar cura a un problema provocado polo pasivismo das autoridades e, canto menos, tentar salvar estas especies que son parte da nosa natureza e, por tanto patrimonio de todos. E de pouco serve que subvencionen plantacións, que non imos a ver producir e xamais chegarán á magnitude dos que xa existen. Procuremos, entón, entre todos conservar o que os nosos antergos nos legaron.

NIEVES FERNÁNDEZ VIDUEIRA e IVÁN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Nieves sempre foi e é unha gran colaboradora. Seus fillos o mesmo. Hoxe acompaña Iván, un dos seus fillos. Xa sabedes que vos queremos e que recoñecemos a gran vena artística que tedes.